

CONVIVENCIA ESCOLAR

É importante saber, que tanto os pais e nais como os profesores/as teñen unha responsabilidade no proceso educativo do alumno/a.

♦ A asistencia diaria a clase é obrigatoria e necesaria. Os alumnos/as teñen que chegar puntuais cada día.

♦ As faltas de asistencia deben ser xustificadas por escrito **ó titor/a** polo pai, nai ou titor/a legal do alumno/a. Na medida en que sexa posible, evitárase faltar ás clases cando haxa exames.

♦ O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar co permiso da Dirección, cunha previa autorización escrita dos pais ou titores legais e sempre que saian acompañados dun adulto autorizado.

♦ O alumno/a deberá traer o material necesario para cada materia: libros, cadernos (este curso non se pode compartir o material), roupa e calzado para E. Física,...Non se lles vai permitir chamar á casa dende o centro para pedir que lles traian o material que esqueceron.

♦ Inculcade aos vossos fillos/as a importancia de coidar a escola e o material que a diario utilizan. Polo seu ben e polo respecto ós demais, deberán saber que todo isto sae do esforzo de todos, incluído o voso.

♦ Inculcade aos vossos fillos/as a importancia de seguir as normas relacionadas coa COVID-19, manter a distancia social, o uso correcto da máscara, as normas de hixiene e o cumprimento das normas de organización do centro derivadas da situación actual.

♦ Os libros gratuítos que se lles entreguen ó alumnado ó inicio do curso deberán ser devoltos ó finalizar en **perfectas condicións de uso**.

♦ Os teléfonos móbiles, cámaras e outros dispositivos electrónicos non poderán ser empregados en todo o recinto escolar, agás previa autorización para actividades académicas.

♦ Calquera dúbida ou problema relacionado coa educación do seu fillo/a deberá ser tratado aquí no centro, poñéndose en contacto co seu profesor/a titor/a.

♦ Cómpre que instalen a aplicación “**Abalar Móbil**” para poder recibir notificacións, cualificacións, faltas de asistencia, faltas de conduta...

♦ Poderán consultar información na aula virtual <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpitoural/aulavirtual> (espazo familias, entrando como convidado)

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Non sabemos como se vai desenvolver este curso no referente ás actividades complementarias, polo que é algo que iremos vendo no día a día. De tódolos xeitos informarase ás familias de **todas aquelas que se consideren de interese e se poidan facer mantendo todas as medidas de seguridade**.

Recordar que se se fai unha saída didáctica os/as alumnos/as deberán entregar ó profesor/a encargado/a da actividade a autorización para realizala asinada polo pai, nai ou titor/a legal, respectando os prazos establecidos.

BIBLIOTECA

A biblioteca pódese usar como lugar de traballo, lecer e para préstamo de libros. Conta tamén con ordenadores que poderán utilizar para a realización de traballos e para consultar información.

AVALIACIÓNS

Ao longo do curso, coincidindo coas avaliacións, enviarase ás familias información sobre o proceso de aprendizaxe de cada alumno/a a través de abalar móbil e do boletín informativo coas cualificacións. Dito boletín deberá ser asinado polo pai, nai ou titor/a legal e devolto ó centro para verificar a súa entrega:

BOLETÍN 1ª AVALIACIÓN: 3 de DECEMBRO

BOLETÍN 2ª AVALIACIÓN: 18 de MARZO

BOLETÍN AV. ORDINARIA: 9 de XUÑO

BOLETÍN AV. EXTRAORDINARIA: 27 de XUÑO

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Para evitar calquera incidencia que afecte á seguridade do alumnado e ó bo funcionamento das clases, terase en conta o seguinte:

- Os pais e nais non poderán acceder ás aulas, corredores, etc. **pola seguridade dos nenos/as e polo correcto desenvolvemento das clases.**
- Non se poderá acceder cos vehículos ao recinto escolar.
- Non se pode fumar dentro do recinto escolar.
- A hixiene e vestimenta axeitada debe ser coidada con todo esmero pola familia para inculcar uns bos hábitos ós/ás vossos/as fillos/as.
- Os problemas de disciplina serán corrixidos conforme á lei e ás normas de convivencia establecidas para o noso centro. Os pais/nais serán informados cando haxa acumulación de partes de incidencias.

NON DUBIDEN EN ACUDIR A NÓS SEMPRE QUE O CONSIDEREN NECESARIO.

EQUIPO DIRECTIVO

Directora: Alicia González García

Xefa de Estudos: Elisa Roca/ M^a Dolores Tabuyo Romero

Secretario: Dolores Garrido Fraguas

EQUIPO EDUCATIVO DE SECUNDARIA

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA

Miguel Trigo Fernández

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Beatriz Sampedro Ferreiro

DEPARTAMENTO DE E. PLÁSTICA E VISUAL

Lucía Maroño Varela

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Óscar A. Méndez Lorenzo

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Susana Corbal Vidal

DEPARTAMENTO DE HISTORIA

Lucía Forno Díaz

Montserrat Lemos Tenorio

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Beatriz Martínez García

Lorena Miranda Cortés

DEPARTAMENTO DE L. GALEGA

Elisa Roca Rodríguez

M^a do Carme Costa del Río

DEPARTAMENTO DE L. CASTELÁ

Ana Graña Murujosa

Rosa Obelleiro Piñón

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Alicia González García

Dolores Garrido Fraguas

Pedro Martín Méndez

Paula Oanes Pazos

Lucía Maroño Varela

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Sonia Rodríguez Area

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

José Ramón Fernández Feijoo

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Pablo Lastra González

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Cristina González Piñeiro (Orientadora)

Marta Olaya Varela Varela (Pedag. Terapéutica)

VACACIÓNS E DÍAS NON LECTIVOS

Comezo das clases: 15 de setembro.

♣ Luns 11 e martes 12 de outubro: Día do ensino e festivo

♣ Luns 1 de novembro: Festivo

♣ Xoves 11 de novembro: Festivo local

♣ 6, 7 e 8 de decembro: Días non lectivos

♣ Vacacións de Nadal: dende o 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ámbolos dous inclusive.

♣ Entroido: 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo.

♣ Semana Santa: do 11 de abril ao 18 de abril, ámbolos dous inclusive.

♣ Martes 17 de maio: Festivo.

Remate das clases: O día 22 de xuño.

HORA DE ATENCIÓN A PAIS E NAIS

A titora de 3º ESO B Beatriz Sampedro Ferreiro
estará ó seu dispor para atendelos OS martes, de
12:40 a 13:30

Nota: Este curso as titorías serán telefónicas.

Para poder ofrecerlles unha información máis completa, deberán avisar previamente para que o/a titor/a poida recoller tamén a información necesaria dos especialistas que lle dan clase ó seu/súa fillo/a.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Curso 2021- 2022



CENTRO PÚBLICO INTEGRADO DO TOURAL

Direc.: Toural nº 34 36141
Vilaboa, Pontevedra

Teléfono : 886151766

Páx.web:
edu.xunta.gal/centros/cpitoural